

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TORDOIA

Concesión definitiva de axudas a autónomos e autónomas e microempresas PEL-Reactiva 2020

ASUNTO: CONCESIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS A AUTÓNOMOS/AS E MICROEMPRESAS PEL-REACTIVA 2020

En data 19 de febreiro de 2021 o alcalde ditou a Resolución que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES

1. Por Resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña núm. 2020/23462 aprobáronse as bases reguladoras das axudas PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA DESTINADO A CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES (BOP núm. 123, do 05/08/2020) e por Resolución de Presidencia da Deputación Provincial da Coruña n.º 2020/24109 de data de 07/08/2020 modificouse a anterior Resolución (BOP núm. 128, do 12/08/2020). Nas citadas bases inclúese a Norma 18: Bases específicas reguladoras das axudas de concellos adheridos ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia.
2. No BOP núm. 181 de 23/10/2020 publicouse a Resolución pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes aos concellos adheridos ao PEL-REACTIVA.
3. Por Resolución de Alcaldía núm. 299/2020, de 04/11/2020 aprobouse a convocatoria de axudas para a reactivación económica e social do Concello de Tordoia e un extracto desta Resolución foi publicada no BOP núm. 189 do 09/11/2020. Así mesmo nesta mesma resolución na súa parte resolutiva quinta acordouse a creación dunha comisión para a valoración das solicitudes presentadas nos termos do artigo 22.1 da lei xeral de subvencións.
4. Por Resolución da Presidencia da Deputación núm. 2021/38771, do 26/11/2020, modificáronse as Bases do PEL REACTIVA no tocante á Norma 11 relativa ó prazo de xustificación para os beneficiarios establecendo como data máxima ata o 31 de marzo de 2021, tamén modifica o requisito de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial da Coruña e modifica a documentación que han de presentar os beneficiarios do Grupo II.
5. Vista a documentación obrante no expediente 2020/A008/000026 PEL-REACTIVA e nos expedientes individualizados para cada solicitude, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e de acordo coa Base 10.ª das bases da convocatoria no referente á instrución do procedemento de concesión ata esgotar o crédito inicial dispoñible serán propostas por orde de puntuación para seren resoltas favorablemente. De acordo coa Base 6.ª o procedemento será o de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Establecendo unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases e adjudicar a axuda a aquelas que obtiveran unha maior valoración co límite orzamentario de 33.232,92 euros. A valoración das solicitudes fíxose por grupos de beneficiarios dos establecidos na Base 4.1, ordenando por orde de maior a menor puntuación as solicitudes de cada grupo, tendo prioridade os solicitantes pertencentes ao grupo I.
6. O día 18 de xaneiro de 2021 a Comisión de Valoración presenta o Sr. alcalde proposta coas empresas e cantidades que lle corresponden a cada unha.
7. Por Resolución de Alcaldía núm. 10/2021, do 20 de xaneiro, aprobouse a concesión provisional das axudas. Esta Resolución foi publicada no BOP núm. 17, do 27 de xaneiro de 2021, e no taboleiro electrónico da sede electrónica deste Concello.
8. Dentro do prazo de 10 días hábiles concedido para presentaren o desestimento da solicitude ou as alegacións oportunas presentouse unha renuncia (202099900000212) e non se presentaron alegacións.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

Primeiro.—Conceder definitivamente as axudas aos autónomos/as e microempresas que se relaciona no Anexo, polos importes que se indican, con cargo á aplicación orzamentaria 241.47900, en importe total de 33.232,92 €.

Segundo.–Desestimar as seguintes solicitudes presentadas:

	Rexistro inicial	Número expediente	Motivo
7	202099900000208	Desestimada (**)	Renuncia voluntaria
26	202099900000240	Desestimada (*)	Documentación incompleta

Terceiro.–Desestimar as seguintes solicitudes que, cumprindo cas condicións establecidas na orde, non se poden estimar por insuficiencia de crédito orzamentario:

	Rexistro inicial	Número expediente	Importe
15	202099900000217	2020/X998/000129	
20	202099900000223	2020/X998/000134	
24	202099900000231	2020/X998/000138	

Cuarto.–Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A título informativo, publicar esta resolución na páxina web e no taboleiro electrónico do Concello de Tordoia.

Quinto.–Outorgar un prazo dun mes, que se computará a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, para que os beneficiarios presenten a documentación xustificativa. O prazo concluíra o mesmo día en que se produza a publicación no mes de vencemento. Se no mes de vencemento non houbera día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

ANEXO

	Rexistro inicial	Número expediente	Importe
1	202099900000193	2020/X998/000119	1.500,00 €
2	202099900000194	2020/X998/000120	1.500,00 €
3	202099900000196	2020/X998/000117	1.500,00 €
4	202099900000197	2020/X998/000118	1.500,00 €
5	202099900000200	2020/X998/000121	1.500,00 €
6	202099900000201	2020/X998/000122	732,92 €
8	202099900000205	2020/X998/000124	1.500,00 €
9	202099900000209	2020/X998/000142	1.500,00 €
10	202099900000210	2020/X998/000125	2.000,00 €
11	202099900000211	2020/X999/000189	1.500,00 €
12	202099900000212	2020/X998/000126	1.500,00 €
13	202099900000215	2020/X998/000127	1.500,00 €
14	202099900000216	2020/X998/000128	1.500,00 €
16	202099900000218	2020/X998/000130	1.500,00 €
17	202099900000219	2020/X998/000131	1.500,00 €
18	202099900000220	2020/X998/000132	1.500,00 €
19	202099900000221	2020/X998/000133	1.500,00 €
21	202099900000224	2020/X998/000135	1.500,00 €
22	202099900000226	2020/X998/000136	2.000,00 €
23	202099900000227	2020/X998/000137	1.500,00 €
25	202099900000232	2020/X998/000139	1.500,00 €
27	202000000001317	2020/X998/000141	1.500,00 €

Tordoia, 26 de febreiro de 2021.

O alcalde

E. Antonio Pereiro Liñares

2021/1663